



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Acta da sesión extraordinaria do pleno nº 01/15

Data 29-01-2015

Acta anterior 22-12-2014

Asistentes:Alcalde

D. Fernando Pérez Fernández

Concelleiros presentes

D. Oscar Vázquez Corral

D^a. Manuela García Saavedra

D. David Pintor Pazo

D. José Manuel Vázquez Vázquez

D^a Manuela García Freire

D. Paulino Vázquez Negro.

D. Jesús Regueira Freire.

Non asistenD^a Ana María Sánchez Sánchez.Secretario.

D. Afonso Bieito Lorenzo Penela.

Acta pleno 01/2015**Acta da sesión extraordinaria celebrada polo pleno deste concello o día vinte e nove de decembro de dous mil quince.**

Na casa do concello de Vilasantar, sendo as doce horas e cinco minutos do día vinte e nove de xaneiro de dous mil quince, baixo a presidencia do sr. alcalde e coa asistencia dos concelleiros expresados na marxe, réunese o pleno deste concello no local habilitado ao efecto na Casa do Concello. Hai dous cidadáns presentes en calidade de público.

Aberta a sesión de orde do Sr. presidente indica que esta sesión vai ser gravada. En consecuencia a referencia horaria do inicio de tratamento dos distintos puntos referirase ao tempo da gravadora.

A continuación pasouse ao estudio da orde do día, adoptándose sobre os asuntos contidos na mesma os seguintes acordos:

1.- Aprobación, no seu caso, dos borradores das actas anteriores. (00' 54")

A continuación e por unanimidade dos asistentes apróbanse as seguintes actas sen ningún reparo a súa redacción nin contido:

Acta 14/14 do 28-11-2014

Acta 15/14 do 10-12-2014

Acta 16/14 do 17-12-2014

Acta 17/14 do 22-12-2014.

Non quedan neste momento actas por aprobar.

2.- Debate e análise do contrato de recollida do lixo e a súa tramitación. (02' 05")

A continuación toma a palabra Manuela García Freire, portavoz do BNG, quen, en primeiro lugar, escusa a asistencia da concelleira Ana María Sánchez Sánchez, do seu grupo, por ter que traballar a esta hora.

A continuación indica que unha vez máis non está toda a documentación que solicitaran, o que considera unha ilegalidade e unha ocultación de datos á oposición, indicando que, do que pediran, só teñen o estudo previo, relacionando o que falta: Proposta de Celta Prix, TCs dos traballadores, Estudo relativo á cadea de Teixeira, Coste da planta de transferencia, Como afecta aos veciños de Vilasantar a cláusula relativa a festas, mercados, etc., Como afecta a cláusula relativa aos colectores



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

nas zonas urbanas ao estar relacionado ao concepto de urbano á definición no PXOM e Informe de como se contabilizarán as TM do lixo de cada concello.

A continuación pide explicacións ao alcalde sobre esta falta de documentación.

Sendo as (05' 00") toma a palabra o alcalde do concello, Fernando Pérez Fernández, quen en primeiro lugar contesta o punto 4 do escrito da petición de convocatoria deste pleno extraordinario, onde se di que “nestes días vén de adxudicarse o contrato de RRSU...”, precisando o alcalde que a data de hoxe, 29 de xaneiro, o expediente de contratación está aínda en tramitación, non hai ningunha resolución de adxudicación do órgano que o ten que facer.

Con respecto ao comentario da portavoz do BNG de nulas explicacións, lembra que no pleno de 17 de decembro de 2014 xa se lles dou traslado do procedemento de contratación, lendo un escrito que entrega ao secretario do concello e que afirma ser o mesmo que leu nesa sesión, para que se una á acta, o cal se fai como **Anexo I**, e no que fala do proceso enteiro.

O alcalde segue lendo a petición de convocatoria do pleno, concorrentemente onde di “vémonos na obriga...”, indicando que en canto se pediu á convocatoria nós procedemos á facela como sempre fixemos con todo, todos os pleno se fixeron con total transparencia.

Continúa lendo o parágrafo onde di “Para o BNG este procedemento realizouse sen a claridade necesaria...” contestando que o procedemento para a licitación conta coas autorizacións das tres administracións e realizouse en base ao estudo da universidade e ao informe da deputación

Con respecto a “outras aclaracións”, indica que se está cumprir a lei, que hai unha comisión mixta na que sempre se consultou previamente cos tres secretarios dos concellos.

Con respecto aos acordos que piden, o primeiro, “Re-negociación da indemnización a Celta Prix por importe de 7.000,00 euros, xa que sendo a empresa adxudicataria non ten sentido esa indemnización” indica que en data 20-02-2013 reuniuse con Celta Prix para negociar ese convenio o que era necesario para poder iniciar o proceso. O contrato con Celta Prix fora asinado no 2007 e estaría en vigor ata o 2017. A resolución do contrato rondaría os 20.000,00 euros, por iso houbo que negociar. Engade que garante que en canto haxa acordo de adxudicación (pois o procedemento de contratación está sen rematar) e se sae Celta Prix non vai haber indemnización.

Con respecto ao segundo acordo proposto de que nos acordos co concello de Curtis figure por escrito que non imos ter que pagar pola Planta de transferencia, contesta que se vai pagar polo que di o convenio que establece unha serie de porcentaxes, cada un vai pagar segundo a extensión, o número de empadroados e do padrón de usuarios.

En relación ao Punto limpo: o Regulamento de residuos, que tamén se tramitou legalmente sen alegacións, fala do Punto limpo, que está no término municipal de Curtis e abre a posibilidade de facer un novo convenio de colaboración entre os tres concellos para recoller o relativo ao mesmo.

Con respecto á Planta de transferencia, ou Ecoplanta, está na mesma parcela e anexa ao Punto limpo. Pertence a Sogama, que o mantén, financia e xestiona directamente, e vai ser onde se vertan



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

os camiões de recollida. O custe para o concello vai ser de Cero euros, aforrándonos o custe de levalo ata Sogama en Cerceda. En consecuencia o transporte xa non se vai pagar (sobre 6.800,00 €)

Finalmente aclara que o concello de Vilasantar non asinou ningún acordo para pagar ningunha xestión de ningún servizo que no sexa máis có da RSU.

Con respecto ao resto da documentación que piden no escrito de convocatoria, aclara que o estudo da universidade xa o teñen. En canto aos Tcs, as ofertas, etc., o proceso de contratación non está rematado, indicando que unha vez que se resolva porá unha copia do expediente enteiro a disposición da oposición. E se teñen dúbidas, lémbrolles que na mesa hai un representante do seu partido, o BNG.

Con respecto á cadea de Teixeiro, comenta que os parámetros son a poboación, a extensión e o número de usuarios e a cárcere é un usuario máis que non repercute nun maior custe de ningún concello alleo a Curtis. A ela, por razóns de seguridade, hai que ir sempre os mesmo días e horas e vértese inmediatamente na Ecoplanta unha vez pesado, polo que non incide no noso concello. De feito será máis caro ir e volver a Mezonzo ou a Présaras que á cadea. A partir da pesada cada concello paga o seu. En resume, a cárcere de Teixeiro non repercute absolutamente en nada para Vilasantar.

Continúa indicando que sempre que se asina un convenio vai haber cláusulas que benefician máis a uns cá outros, o que hai que valorar é o conxunto. Curtis pode ter mercados e feiras, pero nós tamén estamos máis lonxe da Planta.

Con respecto ao pago dos Residuos efectivamente recollidos en cada concello vanse facer pesadas de control municipio a municipio unha ou dúas veces ao mes para estimar as TM de cada un, baixo control e dirección da Comisión Mixta dos tres concellos. Está claro que nós xa temos controladas as TM que estamos entregando agora. Engade que queda claro, non se lembra se no convenio ou no regulamento, que se non se está de acordo con iso non lle vai tremer o pulso para resolver o contrato, está claro que nós non imos pagar máis do que estabamos a pagar. E só polo lixo que produzan os veciños de Vilasantar.

Engade que o BNG estivo gobernando catro anos e non deu feito nada e que nós imos mellorar o servizo a menor custe e imos melloralo. Verémolo cando finalice o proceso.

Con respecto á crítica do BNG sobre as zonas urbanas, indica que nós só imos pagar polo noso servizo e así está especificado no Regulamento. As feiras pagaraas Curtis. Con respecto aos núcleos rurais de Ru e de Présaras vanse considerar como urbanos, así como Sobrado escolleu Sobrado e As Cruces e Curtis escolleu Curtis e Teixeiro.

Con este contrato, engade, vai mellorar o servizo a menor custe.

Con respecto á petición de informe en que se nos indique cal vai ser o control da s TM informa que vai ser a Comisión mixta a que articulará o procedemento para individualizar cada concello.

(22' 24") Continúa indicando que na páxina 19 do estudo vén o que pagou o concello de Vilasantar



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

polo servizo, en datos do 2010. No 2014 subiu, evidentemente.

Nós non imos verter en Sogama senón na Planta de Teixeiro, co que imos aforrar.

Con respecto aos datos que piden, como o dos traballadores, aclara que Vilasantar non é o órgano contratante. Si hai nese órgano un membro do BNG.

En canto a voluminosos e melloras, cada empresa presentou ao concurso unha serie de melloras. No próximo pleno ordinario despois da adxudicación definitiva daremos conta. Se se quitan cartóns, por exemplo, baixaría o peso da bolsa negra, que é a que vai a Sogama e pola que pagamos.

Finalmente informa de que está a documentación que temos no concello, o resto da documentación non podemos tela pois o proceso aínda non rematou, e cando a teñamos darémoslla. Por tanto non hai ningunha ilegalidade.

Sendo as (27' 15") contesta Manuela García Freire, portavoz do BNG, indicando que na súa opinión a forma de valorar o da cárcere de Teixeiro beneficia a Curtis, pois de facerse ben Curtis tería que pagar máis ao non incluírse os penados que son perto de 2.000. O custe do recibo da cadea pode ser igual a de todo o concello de Vilasantar. Entendemos que o concello de Curtis tería que pagar unha porcentaxe maior do que asume.

Continúa preguntando como se di que se vai pesar diferente a cada concello, aclarando o alcalde que neste momento hai unha valoración das toneladas que produce Vilasantar e, a maiores, vanse facer unha ou dúas pesadas diferentes cada mes e que será a Comisión mixta quen fixe a periodicidade e Manuela García Freire pregunta onde se recolle esa pesa individualizada, contestando o alcalde que decidira a Comisión mixta, que o garante el neste pleno e pedindo ao secretario que así conste en acta.

Manuela García Freire pregunta se a empresa o vai aceptar, pois non está recollido no Prego de condicións, non vale o acordo da Comisión mixta, pois ten que aceptalo a empresa, contestando o alcalde que se o concello de Vilasantar ten que pagar máis, resolveremos o contrato, contestando a portavoz do BNG que iso implicaría ter que indemnizar.

Manuela García Freire comenta que pode ser que Vilasantar vaia pagar menos, pero o máis beneficiado é o concello de Curtis, é dicir que nós imos pagar as melloras que vai obter Curtis e non vemos melloras para Vilasantar.

Comenta que non aparece en ningún documento nada sobre que Ru e Présaras sexan consideradas urbanas, o que si aparece é que se definen segundo o PXOM, contestando o alcalde que o proceso aínda non está finalizado e lembrando que hai un concelleiro de Curtis de BNG na Mesa de contratación.

Manuela García Freire comenta que eles, como concelleiros, a quen lle teñen que pedir datos é ao concello, a empresa pode dicir en calquera momento que non fai o servizo, aténdose ao que estea por escrito.



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Sendo as (35' 52") Manuela García Freire, portavoz do BNG, pregunta sobre a recollida porta a porta do cartón, contestando o alcalde que das melloras falará cando remate o proceso, pois neste momento hai só a adxudicación provisional.

A continuación refírese ao respecto que hai que ter polos traballadores que están exercendo nos tres concellos e pedindo que non apareza ningún máis que non estea traballando neles, mencionado a estes efectos o expediente sancionador que xa abriu o Consello galego da competencia un caso semellante por pór nun proceso de contratación máis traballadores dos que realmente tiña.

Sendo as (37' 00") refírese ás taxas do servizo indicando que o interventor da deputación di que as tarifas terán que unificarse referíndose en concreto aos concellos Vilasantar e Sobrado, contestando o alcalde que non imos subir a taxa mentres el sexa alcalde. O alcalde di que co novo contrato vaise dar un mellor servizo e máis barato, repetindo que caso de que Vilasantar teña que pagar máis non se asina o contrato, ao que contesta a portavoz do BNG recomendado ao alcalde que se lea a lei de procedemento administrativo

Finalmente (39' 17") toma a palabra o alcalde quen volve mencionar, léndoo por riba o escrito sobre o procedemento que leu anteriormente, lembrando ao secretario que quere que se inclúa na acta, lembrando finalmente que o BNG non fixo ningunha reclamación ao que contesta Manuela García Freire, en resume, que eles non perden dereitos por non alegar.

Sendo as (42' 03") o alcalde propón a votación dos acordos propostos no escrito de petición deste pleno e que son:

- 1.- Re-negociación da indemnización que o concello de Vilasantar se comprometeu a pagar á empresa Celta Prix por importe de 7.000,00 euros, xa que sendo a empresa adxudicataria non ten sentido esa indemnización.
- 2.- Que nos acordos co concello de Curtis figure por escrito que non imos ter que pagar pola Planta de transferencia.

Antes de pasar á votación o alcalde menciona que a primeira proposta contén un erro, pois a adxudicación non está finalizada, abríndose un forte debate sobre a súa redacción, pois o grupo do BNG quere que se manteña a redacción tal e como está.

No transcurso do debate o alcalde é interrompido por un dos membros do público asistente, identificado como Alvaro García, ex-concelleiro do concello polo BNG, indicándolle o alcalde que "Por favor manteña a orde e en silencio e senón peche a porta por fóra". Nese momento Alvaro García ergue o dedo medio da súa man, pechando os outros, en dirección ao alcalde. O alcalde pide ao secretario que faga constar na acta: "Que o Sr. Alvaro, que era antigo concelleiro, ao alcalde lle fixo o sinal do dedo cara a arriba", o que provoca unha discusión, no transcurso da cal a portavoz do BNG afirma que tamén unha vez o alcalde a ameazara nun pleno, o que nega o alcalde.

Finalmente o alcalde pide a opinión do secretario o cal propón a posibilidade de introducir unha condicional, o que finalmente é aceptado polos dous grupos políticos, acordándose a seguinte redacción:



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

1.- Re-negociación da indemnización que o concello de Vilasantar se comprometeu a pagar á empresa Celta Prix por importe de 7.000,00 euros, xa que no caso de que sexa a empresa adxudicataria definitiva non ten sentido esa indemnización.

A continuación ábrese un debate sobre se se vota punto a punto, defendido polo alcalde ou conxuntamente defendido pola portavoz do BNG.

Finalmente procédese á votación punto a punto, votándose en primeiro lugar o punto 1 o cal é aprobado por unanimidade dos asistentes, adoptándose en consecuencia o seguinte acordo:

1.- Re-negociación da indemnización que o concello de Vilasantar se comprometeu a pagar á empresa Celta Prix por importe de 7.000,00 euros, xa que no caso de que sexa a empresa adxudicataria definitiva non ten sentido esa indemnización.


A continuación e antes de proceder á votación da segunda proposta o alcalde pregunta se se refire exclusivamente ao Concello de Curtis, ou tamén a Sogama, abríndose un breve debate. Finalmente a proposta de votación é a seguinte:

2.- Que nos acordos co concello de Curtis figure por escrito que non imos ter que pagar pola Planta de transferencia nada máis que a Sogama e polas toneladas pesadas.

Sometida a segunda proposta a votación resulta aprobada por unanimidade os asistentes, adoptándose en consecuencia o seguinte acordo:

2.- Que nos acordos co concello de Curtis figure por escrito que non imos ter que pagar pola Planta de transferencia nada máis que a Sogama e polas toneladas pesadas.

E non habendo máis asuntos a tratar o Sr. presidente levantou a sesión sendo as doce horas e cincuenta e seis minutos (duración, por tanto de 51' 06"), do que eu, secretario, dou fe.

Vº e pr
O alcalde

Asdo. Fernando Pérez Fernández
Alcalde
Concello de Vilasantar (A Coruña)


O secretario
Asdo. Afonso Bieito Lorenzo Penela.

DOCUMENTO PARA DAR CUENTA A LA CORPORACIÓN MUNICIPAL EN EL PLENO ORDINARIO DE DICIEMBRE DEL 2014

PROCEDIMIENTO SEGUIDO PARA LA LICITACIÓN DEL SERVICIO DE RECOGIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS COMPARTIDA DE LOS AYUNTAMIENTOS DE CURTIS, SOBRADO Y VILASANTAR

CONVENIO

COMISIÓN MIXTA.

1. El 20/05/2013 se firmó un convenio entre los Concellos de Curtis, Sobrado y Vilasantar para la gestión compartida del servicio de recogida de residuos sólidos urbanos. Dicho convenio había sido aprobado previamente por los Plenos de las respectivas Corporaciones, por mayoría absoluta en Sobrado y Vilasantar y por unanimidad en Curtis. El convenio contempla la creación de una comisión mixta de seguimiento formada por los tres alcaldes y técnicos respectivos de cada municipio para realizar y adoptar los acuerdos o trámites necesarios.

EN XUNO DO 2013

Sobrado e V. Vilasantar

2. El 20/06/2013 el Pleno del Concello de Curtis aprobó inicialmente el Reglamento de gestión del servicio de recogida de residuos sólidos urbanos, el cual se publicó en el BOP, estuvo expuesto al público durante 30 días y no se presentó ninguna alegación o sugerencia.

Este mismo trámite se siguió en los Concellos de Sobrado y Vilasantar, con su aprobación en los plenos respectivos; en ninguno de los dos Concellos se presentaron alegaciones o sugerencias durante el plazo de exposición pública.

En el caso de Sobrado se aprobó inicialmente por el Pleno el 01/07/2013 y la aprobación definitiva se publicó en el BOP del 18/09/2013 y en el de Vilasantar la aprobación inicial por el Pleno fue el 12/06/2013 y la aprobación definitiva se publicó en el BOP del 19/09/2013

Curtis o 20/06/13

3. La Comisión mixta de seguimiento el 03/07/2013 y el 05/09/2013 acuerda:

- Solicitar a la Universidad de la Coruña la elaboración de un estudio de gestión compartida del servicio, que sirviera de base para la gestión, licitación y elaboración de los pliegos de cláusulas administrativas y prescripciones técnicas.

Con carácter previo a la elaboración de los pliegos, se solicita a la empresa que gestiona el servicio la relación del personal adscrito a los servicios de recogida y transporte de RSU en los Concellos de Curtis, Sobrado y Vilasantar que, conforme a la legislación vigente, debía de ser subrogado.

En respuesta a nuestra solicitud la empresa concesionaria emitió un informe en el que se relaciona el personal que ha de ser subrogado y es dicha relación de personal la que se recoge en el pliego de cláusulas administrativas.

4. El 5/09/2013 la Comisión Mixta de seguimiento acuerda elaborar los pliegos de cláusulas administrativas y técnicas. La secretaria del Concello de Curtis elaboró los pliegos de cláusulas administrativas y prescripciones técnicas con el asesoramiento y colaboración de la Diputación así como de los secretarios de los otros dos Concellos.

5. Se remitió a la Diputación, a la Xunta de Galicia y al Ministerio Hacienda y Administraciones Públicas todo el expediente para que emitieran los informes pertinentes al objeto de seguir con la tramitación del procedimiento iniciado. Todas las administraciones informaron favorablemente en las siguientes fechas:

-Diputación de la Coruña: 11/03/2014

-Dirección General de Política Financiera y Tesoro de la Xunta de Galicia: 15/05/2014

-Subdirección General de Estudios y Financiación de Entidades Locales del Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas: 08/07/2014.

6. El 6/08/2014 la Comisión Mixta de seguimiento asesorados por los secretarios de los respectivos

PERSONAL

concellos acuerdan iniciar el expediente de contratación conjunta del servicio; y delegan la gestión de los trámites de contratación en el Concello de Curtis.

7. El 12/09/2014 la Junta de Gobierno Local del Concello de Curtis aprueba la incoación del expediente de contratación y los pliegos de cláusulas administrativas y prescripciones técnicas, dándose traslado de este acuerdo y de los pliegos a todos los miembros de la Corporación, no realizando ninguno de ellos alegaciones. (PSOE, BNG)

8. El anuncio de licitación se publicó en el DOUE el 20/09/2014, en el BOE el 23/09/2014 y en el BOP el 26/09/2014, estando los pliegos de cláusulas administrativas y prescripciones técnicas publicados en el perfil del contratante de la web del Concello de Curtis

9. Presentaron sus ofertas tres empresas dentro del plazo establecido en los anuncios de licitación. No se impugnaron los pliegos ni se presentó ninguna alegación. *

10. Finalizado el plazo para presentar ofertas se da cuenta a la Comisión mixta de seguimiento de las empresas que participan en el procedimiento y se informa de la convocatoria de la mesa de contratación.

La mesa de contratación en el Concello de Curtis está formada desde el 2003 por un representante de cada grupo político con representación en la corporación municipal (PP, PSOE, BNG) y los respectivos técnicos municipales.

11. El 13/11/2014 se celebra la mesa de contratación y ^{se da} damos cuenta de la tramitación del expediente informando que cumple estrictamente la normativa vigente y que no se presentó ninguna alegación ni recurso durante el procedimiento y el plazo previsto para participar en el concurso.

12. El 7/11/2014 la Comisión Mixta de seguimiento acuerda solicitar a la Diputación, Secretaría Xeral de Medio Ambiente y Dirección Xeral de Administración Local la designación de tres técnicos para la valoración técnica de las ofertas presentadas. Los Concellos no disponemos de técnicos cualificados para ello.

• O 16/12/14 a mesa de contratación abre os sobres das ofertas económicas e dáta a valoración técnica

13. Desde el Concello queremos dejar claro que durante todo el procedimiento actuamos con total transparencia y legalidad y no vamos a permitir que los conflictos entre empresas y la actitud de algún grupo político de la Corporación empañe o ponga en duda la gestión del trámite de licitación del servicio.

15. Reiteramos nuestro compromiso con la transparencia, legalidad y participación de todos los órganos y representantes públicos en el ejercicio de sus funciones al frente de ~~la~~ administración.

Se quedando adjudicado provisionalmente a Celso Prix.

Y Curtis asumirá a responsabilidade por delegación dos concellos de Sobrado e Vilasantar para a xestión deste servizo e confiamos na súa execución e non compartimos nin permitimos a ningún momento en dúbida a honrabilidade e o bo funcionamento do servizo.